

DECRETO PARA ADXUDICACIÓN DE CONTRATO DE PRÉSTAMO, CON PREVIA APERTURA DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 1.400.000,00 €, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE DIVERSAS FINALIDADES INCLUÍDAS NO ANEXO DE INVESTIMENTOS DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2019 DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

Logo de examinar o expediente tramitado para a contratación de préstamo, con previa apertura de crédito por importe de 1.400.000,00€ con destino ao financiamento de diversas finalidades incluídas no anexo de investimentos do orzamento do exercicio 2019 do Concello de Pontevedra, resultan relevantes os seguintes feitos:

1. Mediante decreto de Alcaldía de data 13 de maio de 2019, resolveuse iniciar o expediente de contratación.

2. Procedeuse á redacción do correspondente prego de condicións, que se informou conxuntamente pola titular do Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade (OXPC) e pola Interventora Xeral asinándose con data 21 e 23 de maio de 2019, respectivamente.

3. En data 23 de maio de 2019, procedeuse, por Decreto de Alcaldía á aprobación do prego de condicións administrativas particulares e dispúxose a apertura do procedemento de licitación.

4. A Comisión Técnica prevista no prego de condicións administrativas por unha banda, excluíu do procedemento de licitación a entidade **BANCO SABADELL S.A. (A08000143)** porque de acordo co artigo 13 dos pregos, a súa oferta inicial non se atopa entre as catro mellores, e por outra banda, propuxo como ofertas economicamente máis vantaxosas as presentadas por **BANCO CAIXA XERAL (A28226157) ata 500.000,00€ e CAIXA RURAL GALEGA SOCIEDAD COOPERATIVA DE CRÉDITO LIMITADA (F27005164) polos 900.000,00€ restantes**, e conforme coa proposta, en data 26 de setembro de 2019, resolveuse pola Alcaldía requirir as dúas entidades financeiras para que presentaran, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que se reciba a notificación deste acordo, a documentación necesaria para poder proceder á adxudicación.

5. A referida resolución foi notificada:

- a **BANCO SABADELL S.A. (A08000143)**, notificación realizada con data 02 de outubro de 2019.
- a **CAIXA RURAL GALEGA SOCIEDAD COOPERATIVA DE CRÉDITO LIMITADA (F27005164)**, con data 02 de outubro de 2019 (fin prazo para presentación de documentación: 16 de outubro de 2019), a referida documentación foi presentada pola entidade a través da sede electrónica do Concello con data 15 de outubro de 2019 e polo tanto, dentro do prazo establecido.
- a **BANCO CAIXA XERAL (A28226157)** notificóuselle a referida resolución con data 07 de outubro de 2019 (fin prazo para presentación de documentación: 21 de outubro de 2019), non presentándose pola entidade a referida documentación.

6. Mediante decreto de data 23 de outubro de 2019, resolveuse, por unha banda, que transcorrido o prazo de dez días hábiles, sen que BANCO CAIXA GERAL (A28226157) presentase a documentación requirida no artigo 15º dos pregos de cláusulas administrativas particulares, considerase que retirou a

súa oferta e polo tanto exclúese do procedemento de adxudicación (notificación realizada con data 14 de novembro de 2019); por outra banda, requiriuse a CAIXA RURAL GALEGA SOCIEDAD COOPERATIVA DE CRÉDITO LIMITADA (F27005164) para que no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que se reciba a notificación deste acordo (notificación realizada con data 04 de novembro de 2019), preste a súa conformidade ao incremento en 500.000,000€ sobre o importe inicialmente comunicado (900.000,00€), para así, proceder á adxudicación deste contrato a súa entidade polo importe total de licitación (1.400.000,00€), non requiríndoselle a presentación de documentación polo importe incrementado, por obrar a mesma nesta administración en contestación ao primeiro requirimento, no que se lle comunicou a aceptación pola comisión técnica da súa oferta como máis vantaxosa por importe de 900.000,00€ (notificación realizada con data 02 de outubro de 2019).

7. Con data 06 de novembro de 2019 CAIXA RURAL GALEGA SOCIEDAD COOPERATIVA DE CRÉDITO LIMITADA (F27005164) presenta, en contestación a este último requirimento, o acordo adoptado polo seu Consello Reitor para a concesión dunha operación de préstamo a este Concello por importe total de 1.400.000,00€.

8. Achegada a documentación que se require para poder realizar a adxudicación, esta resulta conforme co esixido no prego de condicións administrativas particulares que rexe o contrato mencionado.

#### **Fundamentos xurídicos:**

Primeiro.- Cumpríronse os trámites dispostos na Lei 9/2017, de contratos do sector público, polo que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP), para seleccionar a oferta economicamente máis vantaxosa no contrato que se menciona na parte dispositiva deste acordo. De conformidade co artigo 150 da LCSP, procedeuse por parte do órgano competente a clasificar as ofertas así como a requirir as ofertas economicamente máis vantaxosas para que no prazo de dez días hábiles presentasen a documentación precisada no artigo 15º do prego de cláusulas administrativas, trámite cumprido pola empresa CAIXA RURAL GALEGA SOCIEDAD COOPERATIVA DE CRÉDITO LIMITADA (F27005164) á que se lle adxudica o contrato mencionado na parte dispositiva desta resolución. O cumprimento deste requirimento, determina de conformidade co artigo 150.3 da LCSP, que o órgano competente deba proceder a adxudicación do contrato. A adxudicación prodúcese coa presente resolución.

Segundo.- O artigo 151.1 da LCSP determina que a adxudicación debe ser motivada e o artigo 151.2 desta lei, manifesta que na notificación desta debe conterse a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado, interpoñer un recurso suficientemente fundado, se ben estimase que no presente caso debe establecerse esta información non so na notificación senón na propia resolución de adxudicación. A motivación da adxudicación basease en todos os acordos da Comisión técnica relativos ao contrato que se menciona na parte dispositiva deste acordo, e de conformidade con estes acordos e polas motivacións expostas nos mesmos, e que se asumen na presente resolución de adxudicación, así como do cumprimento por parte da entidade á que se lle efectuou o requirimento para que se presentase a documentación determinada, procede a adxudicación do contrato que se menciona posteriormente.

Terceiro.- De conformidade co artigo 52.2 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, esta competencia reside no Alcalde.

MFC

A vista do exposto, **RESOLVO**:

Primeiro.- Declarar válido o procedemento relativo ao contrato de préstamo, con previa apertura de crédito por importe de 1.400.000,00€ con destino ao financiamento de diversas finalidades incluídas no anexo de investimentos do Orzamento do exercicio 2019 do Concello de Pontevedra.

Segundo.- Aceptar e asumir todos os acordos da Comisión Técnica relativos ao contrato que se menciona no apartado anterior, e de conformidade con estes acordos e polas motivacións expostas nos mesmos, adxudicar o contrato mencionado no apartado anterior á entidade que de seguido se relaciona toda vez que cumpriu co requirimento efectuado polo órgano de contratación de conformidade co artigo 150.2 da LCSP, con plena suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o contrato e a oferta formulada polo adxudicatario, dentro de cuxa oferta destacan os seguintes apartados:

ATA 1.400.000,00€:

EMPRESA	Puntos básicos a reducir sb CTM	Diferencial resultante
<b>CAIXA RURAL GALEGA SOCIEDAD COOPERATIVA DE CRÉDITO LIMITADA (F27005164)</b>	48 PB	<b>37 PB</b>

Terceiro.- Requirir á adxudicataria para que proceda a formalización do presente contrato dentro dos quince días hábiles seguintes ao que reciba a notificación da presente resolución de adxudicación.

Cuarto.- Publicar a presente resolución no perfil do contratante do Concello.

Quinto.- Unha vez que se formalice o contrato, publicar anuncio de formalización do contrato no perfil do contratante do Concello.

Sexto.- Dar traslado da presente resolución a entidade adxudicataria, aos licitadores así como a Intervención Municipal. A notificación acompañarase coas actas das reunión da Comisión técnica que serven de fundamento para a presente resolución de adxudicación.

Así o dispuxo e ordenou o Alcalde-Presidente, en Pontevedra na data que consta na sinatura electrónica, ante o secretario da Administración Municipal, que DA FE do precedente decreto.

